



CONCELLO  
DE  
XERMADE  
(LUGO)

Tlf. 982 501 001  
Fax: 982 501 027

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO  
CELEBRADA O DÍA TRECE DE XUÑO DE DOUS MIL QUINCE.**

**SESIÓN CONSTITUTIVA.**

**ASISTENTES:**

\* PP

D. Tomás Rodríguez Arias.  
D. Antonio Riveira Requeijo.  
D<sup>a</sup> Isabel Campello Ares.  
D. Mario Felix García Prieto

PSdeG-PSOE

D. Roberto García Pernas.  
D. José Prieto Barro.  
D. Luis A. Vilasuso Seco.  
D. Carlos Alberto Guerra González.  
D<sup>a</sup> Tamara Paz Balsa.

BNG

D. Oscar González Pardo.  
D. María do Mar Hermida Pico.

**Secretaria- Interventora:**

Dna. Ana Elena Fernández del  
Valle

No salón de sesións da Casa do Concello de Xermade, sendo as catorce horas e quince minutos do día trece de xuño de dous mil quince, xúntanse, en cumprimento do disposto nos artigos 195 da Lei Orgánica 5/1985 de 19 de xuño de Réxime Electoral Xeral e art. 37.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, aprobado por RD 2568/86 de 28 de novembro, en sesión extraordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os concelleiros/as electos/as relacionados/as na marxe, co obxecto de constituír a Corporación municipal.

Foron asistidos pola Secretaria-Interventora do Concello Dona Ana Elena Fernández del Valle. .

Concorren un total de once (11) concelleiros/as, polo tanto maioría absoluta dos concelleiros electos esixida no artigo 195.4 da L.O. 5/1985.

**1.- CONSTITUCIÓN DA MESA DE IDADE.**

Aberta a sesión pola Sr. Secretaria dáse lectura ó contido do artigo 195.4 da Lei 5/1985, e art. 37.2 do RD 2568/86, procedéndose a continuación a chamar ós Concelleiros/as electos/as de maior e menor idade dos presentes, co obxecto de formar a Mesa de Idade, segundo establecen os preceptos antes citados, correspondendo a designación a D. Luís A. Vilasuso Seco e a D<sup>a</sup> Tamara Paz Balsa, que pasan a ocupar o lugar destinado ó efecto, quedando constituída a Mesa de Idade polos seguintes membros:

D. Luís A. Vilasuso Seco, Concelleiro de maior idade.  
D<sup>a</sup> Tamara Paz Balsa, Concelleira de menor idade.  
Dna. Ana Elena Fernández del Valle, Secretaria da Corporación.



**CONCELLO  
DE  
XERMADE  
(LUGO)**

Tlf. 982 501 001  
Fax: 982 501 027

## **2.- COMPROBACIÓN DE CREDENCIAIS**

Constituída a Mesa de Idade, proceden a comprobar as credenciais presentadas polos Concelleiros/as electos/as, as cales se atopan conformes á vista da certificación remitida pola Xunta Electoral de Zona, resultando os/as seguintes:

D. Roberto García Pernas.  
D. José Prieto Barro.  
D. Luís A. Vilasuso Seco.  
D. Carlos Alberto Guerra González.  
D<sup>a</sup> Tamara Paz Balsa  
D. Tomás Rodríguez Arias.  
D. Antonio Riveira Requeijo  
Dna. Isabel Campello Ares.  
D. Mario Felix García Prieto  
D. Oscar González Pardo.  
D. María do Mar Hermida Pico.

Preguntados sobre si lles afecta algunha das causas de incompatibilidade sobrevida dos artigos 6, 7, 177 e 178 da L.O. 5/1985 ningún realiza ningunha manifestación, polo que a Mesa considera que ós presentes non incorren en ningunha.

Por parte de Secretaría indícase que en cumprimento do establecido no artigo 75 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e artigos 30 a 32 do RD 2568/86 os Srs./as Concelleiros/as electos/as presentaron en tempo e forma as declaracións de bens patrimoniais, causas de posible incompatibilidade e actividades que proporcionen ingresos económicos e que afecten ou poidan afectar ó ámbito da Corporación.

## **3.- XURAMENTO OU PROMESA DOS CONCELLEIROS**

Ponse en coñecemento dos Concelleiros/as electos/as que de conformidade co disposto no artigo 108.8 da L.O. 5/1985 no momento da toma en posesión e para adquirir a plena condición do cargo de concelleiro/a, os candidatos/as electos/as deberán xurar ou prometer acatamento á Constitución, para o que serán chamados por orde alfabético todos e cada un dos concelleiros proclamados pola Mesa de Idade, formulase a cada un dos candidatos/as a seguinte pregunta:

- **D<sup>a</sup> Isabel Campello Ares**, ¿xura ou promete pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro/a do Concello de Xermade, con lealdade ó Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado?  
Sendo contestada: Xuro.



**CONCELLO  
DE  
XERMADE  
(LUGO)**

Tif. 982 501 001  
Fax: 982 501 027

**-D. Roberto García Pernas**, ¿xura ou promete pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro/a do Concello de Xermade, con lealdade ó Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado?  
Sendo contestada: Prometo .

**- D. Mario Felix García Prieto** , ¿xura ou promete pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro/a do Concello de Xermade, con lealdade ó Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado?  
Sendo contestada: Prometo .

**-D. Oscar González Pardo** , ¿xura ou promete pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro/a do Concello de Xermade, con lealdade ó Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado?  
Sendo contestada: Prometo traballar con honradez e honestidade en beneficios dos veciños e veciñas de Xermade.

**-D. Carlos Alberto Guerra González** , ¿xura ou promete pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro/a do Concello de Xermade, con lealdade ó Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado?  
Sendo contestada: Prometo .

**-D<sup>a</sup> María do Mar Hermida Pico** , ¿xura ou promete pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro/a do Concello de Xermade, con lealdade ó Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado?  
Sendo contestada: Prometo traballar con honradez e honestidade en beneficios dos veciños e veciñas.

**-D<sup>a</sup> Tamara Paz Balsa** , ¿xura ou promete pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro/a do Concello de Xermade, con lealdade ó Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado?  
Sendo contestada: Prometo.

**-D. José Prieto Barro** , ¿xura ou promete pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro/a do Concello de Xermade, con lealdade ó Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado?  
Sendo contestada: Prometo.

**-D. Antonio Riveira Requeijo** , ¿xura ou promete pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro/a do Concello de Xermade, con lealdade ó Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado?  
Sendo contestada: Xuro.



**CONCELLO  
DE  
XERMADE  
(LUGO)**

Tif. 982 501 001  
Fax: 982 501 027

**-D. Tomás Rodríguez Arias** , ¿xura ou promete pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro/a do Concello de Xermade, con lealdade ó Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado?  
Sendo contestada: Xuro.

**-D. Luis A. Vilasuso Seco**, ¿xura ou promete pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro/a do Concello de Xermade, con lealdade ó Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado?  
Sendo contestada: Xuro.

#### **4.- DECLARACIÓN DE CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN**

Finalizado o acto de promesa ou xuramento a Mesa de Idade declara constituída a Corporación , segundo a orde establecida na certificación da Xunta Electoral Central , do seguinte xeito:

D. Roberto García Pernas.  
D. José Prieto Barro.  
D. Luís A. Vilasuso Seco.  
D. Carlos Alberto Guerra González.  
Dª Tamara Paz Balsa  
D. Tomás Rodríguez Arias.  
D. Antonio Riveira Requeijo  
Dna. Isabel Campello Ares.  
D. Mario Felix García Prieto  
D. Oscar González Pardo.  
D. María do Mar Hermida Pico.

#### **5.- ELECCIÓN DO ALCALDE**

Por parte da secretaria da Corporación dáse lectura o artigo 196 da L.O. 5/1985 que establece o procedemento para a elección de Alcalde. En cumprimento da citada normativa poden ser candidatos para Alcalde os Sres. Concelleiros que encabezan as correspondentes listas e que son:

<b><u>Candidato.</u></b>	<b><u>Lista electoral.</u></b>	<b><u>Votos obtidos nas eleccións.</u></b>
D. Roberto García Pernas.	PSdeG-PSOE	530
D. Tomás Rodríguez Arias.	PP	519
D. Oscar González Pardo.	BNG	232

Toma a palabra o concelleiro do BNG D. Óscar González Pardo, para argumentar o sentido do seu voto ; di que houbo varias conversas co PSOE e que as mesmas foron



**CONCELLO  
DE  
XERMADE  
(LUGO)**

Tif. 982 501 001  
Fax: 982 501 027

tensas, xa que están lonxe en canto a ideas , aínda así apoian o PSOE por ser a lista mais votada, e hoxe o seu grupo vaise abster na votación para a elección do alcalde.

Seguidamente os Sres./as Concelleiros/as emiten o seu voto en papeleta e sobre pechado e a entregan á Mesa de Idade para levar a cabo o escrutinio, que da o seguinte resultado:

Os votos distribúense da seguinte maneira:

<u>Candidato.</u>	<u>Votos</u>
- D. Roberto García Pernas.	5
- D. Tomás Rodríguez Arias.	4
- D. Oscar González Pardo	

Obtendo maioría simple o candidato D. Roberto García Pernas, que encabeza a lista do PSdeG-PSOE , de conformidade co disposto no artigo 196 da L.O. 5/1985, a Mesa o declara Alcalde electo do Concello de Xermade.

**6.- XURAMENTO OU PROMESA DO ALCALDE E TOMA EN POSESIÓN.**

De seguido ponse en coñecemento dos asistentes que no momento da toma en posesión e para adquirir a plena condición do cargo de Alcalde o candidato electo debe xurar ou prometer o cargo, polo que se lle formula a seguinte pregunta:

D. Roberto García Pernas, ¿xura ou promete pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Alcalde, con lealdade ó Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado?

Contestando: PROMETO e quedando así posesionado do mesmo.

Fáiselle entrega polo Alcalde saliente D. Tomás Rodríguez Arias , do Bastón de Alcalde e pasa a ocupar o asento presidencial na Mesa do salón de Sesiós da Corporación Municipal.

**7.- DAR CONTA DA ACTA DE ARQUEO E DO INVENTARIO DE BENS DA CORPORACIÓN.**

Por parte da Secretaria Interventora da Corporación dáse conta do arqueo extraordinario de data 12 de xuño de 2015, cos seus xustificantes das existencias en metálico e valores propios da Corporación, depositados na Caixa da Corporación e en entidades bancarias:

Preséntase polo tanto un arqueo cos datos proporcionados polos bancos e entidades cos que o Concello ten contas abertas, a data 12 de xuño de 2015:

- NOVA CAIXA GALICIA, sucursal de Roupar: 13.259,08 €
- NOVA CAIXA GALICIA, sucursal de Vilalba: 3.414,85€
- NOVA CAIXA GALICIA, sucursal Vilalba 83: 12.677,13€
- BANCO PASTOR: 6.664,11 €
- SABADELL: 2.677,36 €
- CAIXA RURAL GALEGA: 24.746,94 €



**CONCELLO  
DE  
XERMADE  
(LUGO)**

Tlf. 982 501 001  
Fax: 982 501 027

- BANCO DE CRÉDITO LOCAL: 128.806,70 €
- CAIXA DA CORPORACIÓN: 8.075,71 €

O endebedamento do Concello é o seguinte:

- Préstamo a longo prazo co BCL: importe pendente de amortizar a data 12 de xuño de 2015 : 28.936,76 €.
- Operación de tesourería: 67.009,74

Dáse lectura asemade ó informe de Secretaría de data 9 de xuño de 2015 relativo o estado do Inventario de bens da Corporación para coñecemento dos presentes.

Rematados os asuntos incluídos na convocatoria, o novo alcalde D. Roberto García Pernas toma a palabra dando os bos días aos presentes, concelleiros doutros concellos, veciños e amigos, recorda tamén aos que non están e di que hoxe estase celebrando a festa da democracia coa alternancia de partidos. Manifesta que asume o cargo de alcalde con responsabilidade, xa que os veciños de Xermade votaron polo cambio, para recuperar a ilusión. Vai gobernar para todos, e será un goberno aberto, transparente, que levará a cabo por vez primeira orzamentos participativos. Fai un chamamento a todos os grupos políticos sen consideración da cor política, e di que hai que ser esixentes para lograr o progreso. Remata dicindo que hoxe comeza unha nova etapa, e que non vai defraudar.

Toma a palabra o concelleiro e alcalde cesante D. Tomás Rodríguez Arias dando os bos días ó público, e agradecendo a todos os veciños polo apoio e colaboración. Pide perdón polos erros cometidos e di que vai seguir traballando dende a oposición para non defraudar a quenes confiaron nel co seu voto. Deséxalle sorte ó novo goberno, e ponse a súa disposición. Agradece aos funcionarios do Concello, aos que están e aos que non, como Sabino, o traballo realizado nestes anos. Expón que nesta campaña saltáronse normas que nunca se deberon saltar, verténdose inxurias e calumnias moi graves sobre a súa vida privada, e que non foi el o que levantou a veda, pero que a veda queda aberta. Remata facendo unha mención especial a súa muller e fillos, agradecendo o apoio e confianza nel.

D<sup>a</sup> María do Mar Hermida Pico, concelleira do BNG comeza dando os parabéns ó novo equipo de goberno aínda que nos últimos días as relacións entre o BNG e o PSdeG non foron moi axeitadas e sinala que espera honestidade e honradez. Agradece ó goberno cesante do PP o trato cordial que lle deron durante a pasada lexislatura a pesares de estar lonxe en cuestión de ideas. Expón que o BNG fará unha oposición seria, responsable e crítica coas propostas que non consideren serias. Remata facendo unha recomendación ó grupo de goberno, a utilización dun dicionario de verbos galegos xa que temos unha lingua propia, a galega que merece ser respetada.

Rematadas as intervencións de todos os partidos, o Alcalde, en relación co argumentario anterior di que non se da por aludido, que non é o seu estilo, e conclúe dicindo que tende a man ó resto de grupos para traballar conxuntamente.



**CONCELLO  
DE  
XERMADE  
(LUGO)**

Tlf. 982 501 001  
Fax: 982 501 027

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr .Alcalde- Presidente levanta a sesión, sendo as catorce horas e cincuenta minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura do Alcalde e da Secretaria que da fe.

V. e Pr.  
O Alcalde

Asdo.Roberto García Pernas.

A Secretaria Interventora

Asdo.Ana Elena Fernández del Valle